

## Índice de confianza do consumidor. Terceiro trimestre de 2009

### NOTA DE PRENSA

#### No terceiro trimestre de 2009 a confianza do consumidor aumenta 6,7 puntos con respecto ao trimestre anterior

Segundo os datos do terceiro trimestre de 2009 o "Índice de confianza do consumidor"<sup>1</sup>, elaborado polo Instituto Galego de Estatística, reflicte un valor de -26,5 puntos, 6,7 puntos superior ao dato do segundo trimestre de 2009.

Este aumento produciuse en todos os indicadores parciais que compoñen o índice; o de perspectivas de evolución da situación económica de Galicia aumenta 9,3 puntos, a capacidade de aforro 6,9 puntos, a situación financeira persoal 5,5 puntos e as perspectivas de evolución do emprego 5,1 puntos.

#### Índice de confianza do consumidor (ICC). Galicia

Ano	Trimestre	ICC	Indicadores parciais de perspectivas de evolución			
			Situación financeira persoal	Situación económica en Galicia	Capacidade de aforro	Emprego
<b>2007</b>						
	I	-19,1	-16,9	-18,9	-33,1	-7,5
	II	-12,9	-14,8	-12,2	-35,0	10,4
	III	-17,4	-15,0	-16,7	-34,2	-3,6
	IV	-26,1	-22,6	-24,5	-39,2	-18,2
<b>2008</b>						
	I	-27,7	-24,3	-26,4	-39,8	-20,2
	II	-35,3	-31,4	-35,6	-47,7	-26,3
	III	-37,1	-30,8	-39,0	-44,4	-34,1
	IV	-40,7	-30,1	-39,2	-46,9	-46,8
<b>2009</b>						
	I	-43,5	-30,3	-40,9	-48,0	-54,7
	II	-33,2	-20,1	-26,2	-47,7	-38,7
	III	<b>-26,5</b>	<b>-14,6</b>	<b>-16,9</b>	<b>-40,8</b>	<b>-33,6</b>

Fonte: IGE. Índice de confianza do consumidor

#### Perspectivas de evolución dos prezos e oportunidade de facer grandes compras

No terceiro trimestre de 2009, o indicador de perspectivas de evolución dos prezos diminúe 2 puntos con respecto ao trimestre anterior. O indicador da capacidade de facer grandes compras aumenta 16,2 puntos.

<sup>1</sup> O ICC varía de -100 a 100, sendo o valor 0 o punto neutral; valores positivos do indicador amosan optimismo e valores negativos indican pesimismo por parte dos consumidores galegos



Pódese consultar a metodoloxía da estatística en:

[http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met\\_confianza\\_consumidor\\_2009.pdf](http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_confianza_consumidor_2009.pdf)

---

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>  
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>